

# OS DEREITOS DO ESPAZO

Era xa o terceiro día na escuridade e parecía que levásemos moito máis dun ano alí. Non sabiamos como estaría a superficie nese momento, pero o que si sabiamos era que naquel espazo non estabamos ben e non perdurariamos moito máis tempo se seguíamos así. Cando marchamos da nosa preciosa superficie deixabamos atrás unha loita interminable e cun fin moi imperdible. Os nosos estaban facendo todo o posible para salvar a nosa terra, pero xa non había moito que facer.

Nun indeterminado día chegaron unhas indefinidas persoas e comezaron a explicarnos o preciso a realizar, e isto era o seguinte: "A medida que vos chamemos iredes desprazándoos ao noso carón e xa vos daremos as instrucións precisas. Con xa 23 anos e cunha capacidade de entendemento alta, non sabía que significaba iso. Cando berraron o meu nome fun cara alí e automaticamente esposáronme. Unha vez finalizado este proceso, a luz ao final do túnel e desa inmensa escuridade, íase desvelando, é dicir boas e malas noticias, xa que saíramos daquel escuro e perigoso lugar, pero estabamos esposados. Tivemos tempo para poñernos uns uniformes iguais e monótonos, sen cor e sen alegría. Pasado un tempo reuníronos a todos nun espazo un pouco máis amplo. Nese momento e coa luz presente, decateime de que eramos máis de 3.000 persoas naquela sala. Empezáronos a dicir palabras coma traballo interminable, sangue, suor, lágrimas, esgotamentos e morte. Comezaba a facerme unha idea do que sucedía alí, pero as miñas posibilidades eran difusas e inmateriais. Ao día seguinte encomendáronos un traballo moi complexo e que requiría moita forza, tanto de vontade coma física. Estes eran e son os traballos típicos que levan a cabo os escravos, e por suposto, eses eramos nós neses intres. Pero o que aínda non entendía era por que razón tiñamos que ser nós. Nós nos fomos culpables da determinada razón que causou esta interminable loita no mundo, eramos civís e inocentes. Pasaron os días, e pouco a pouco ía adoptando forma o produto que os nosos donos nos obrigaran a levar a cabo. Era unha arma letal, era un mísil, ían destruír o noso planeta. Desde ese intre decidín ir reunindo a diversas persoas do meu alcance naquela ampla seita, xa que só non podería salvar o meu lugar de existencia. É unha tarefa moi complexa de acadar, pero coa axuda recompilada pouco a pouco poderemos recuperar o noso espazo de vida. Continuou avanzando o tempo, e iamos arranxando unha serie de aspectos a realizar que xuntos permitiríanos obter o noso resultado. O noso esbozo da idea era facer e causar unha función errónea no funcionamento e mecanismo desa arma letal. Precisabamos entender nun primeiro momento o funcionamento de dita arma para poder causar e provocar o erro, polo tanto sería unha manobra cautelosa e na que deberíamos emplear un considerable tempo. Pasadas e transcorridas as horas, os días, as semanas e os meses obtivemos a resposta ao noso gran problema. Deberíamos agochar unha peza que funcionaba coma conector

entre o botón que activa o mecanismo e a máquina letal. Agora só restaba levar a cabo o plan ideado por todos nós. Chegou o día de colocar a última peza do noso produto final, que destruíría o planeta Terra. o encargado de colocar dita peza era eu. Pero o que os nosos donos non sabían era que a peza non era a correcta, se non que faltáballe o contacto para poder acender a máquina. Que nervios! Se colocaba esa peza de maneira adecuada, podería salvar o noso planeta e recuperar a nosa liberdade e o noso espazo. Unha vez colocada esa peza (supostamente) tería lugar a destrución do planeta. Cando o xefe superior a todos nós pulsou o botón de accionamento da máquina, este non realizou o que debía, e dita persoa comezou a berrar e enfadarse. Nese momento sentín un impulso de coraxe e planteime no medio do lugar no que tería lugar a loita entre os diversos países do mundo e o noso xefe superior, ao cal debería chamárselle o dono dos escravos. A continuación comecei a recitar unha serie de palabras: "isto non debería de suceder, xa que todos somos libres e temos dereito a recibir o noso propio espazo, polo tanto dito espazo e liberdade debe ser respectado por todo o mundo". Estas palabras impulsaron aos meus compañeiros escravos a coller ao xefe superior e arroxalo ao río con maior afluencia nese lugar, para así facer realidade as miñas preciosas, imprescindibles e significantes palabras.

Gato Curioso